


Ola familias! imos comezar o mes de xuño coas seguintes propostas...

Luns 1, imos aprender unha nova forma xeométrica, o rombo. No enlace tedes un vídeo ben divertido para coñecelo mellor.

Canción https://www.youtube.com/watch?v=Us64LnJ_rMO

Ademais a profe Vito ten unha historia que contarvos sobre esta figura...

Como vedes no vídeo, na fichiña aparece unha paisaxe con moitos rombos. Tedes que repasar as árbores, o sol e as cometas con rotuladores de cores e despois colorear as árbores e o sol. Podedes recortar as cometas e contar cantos rombos hai.



Martes 2, hoxe toca divertirse co número protagonista que é o 6, aquí vos deixamos uns vídeos para que o coñezades un pouco máis.


<https://www.youtube.com/watch?v=XS4HhbOz6A>

<https://www.youtube.com/watch?v=qrNCH-7xyH4>


Agora é o momento de practicar coa ficha número 27 do libro de mates ¿Dónde hai 6? e colorear os vasos que teñen 6 palliñas. Unha vez rematada dades a volta á paxina e repasade os números 6.



Mércores 3, é a quenda da letra **G** do noso amigo Gael, con esta fichiña que teredes que facer como xa sabedes, repasando a **G** maiúscula, a palabra **GATO** e coloreando o debuxo.




Xoves 4, xa coñecedes o número 6 así que imos facer o seguinte traballiño.



Venres 5, que mellor forma de rematar a semana que aprendendo un pouco de arte cun cadro ben fermoso como "Paulo vestido de arlequín" do pintor Pablo Picasso. Atent@s ao vídeo no que Vito vos conta esta fermosa historia porque despois vos seredes os protagonistas e teredes que convertervos en arlequíns.

Primeiro tedes que debuxar con lapis a vosa cara, ollos, nariz e boca e despois colorear o traxe de arlequín que está cheiño de rombos . Por último escribide o voso nome no oco en branco da esquina onde aparece o nome do cadro.



E con esto rematamos, esperamos as vosas obras de arte pequen@s!!

Moitos bicos!